

Presentación Argola de Marta Dacosta. 19 de maio de 2014. AC Cultura do País. Lugo.

Boas tardes a todas e a todos, por estardes aquí hoxe. Grazas á Asociación Cultura do País, pola hospitalidade e ternos acollido, como noutras ocasións da mellor maneira.

Marta Dacosta é licenciada en filoloxía galego-portuguesa. É profesora de lingua e literatura galegas no ensino medio. Moitos dos seus poemas foron publicados en revistas, en diversas publicacións colectivas, e na exposición *Botella ao mar*. Ten colaborado co semanario *A Nosa Terra* e o xornal dixital www.gznacion.com

En poesía ten publicado:

- *Crear o mar en Compostela*. Na presentación dese libro en Compostela onde tiven a oportunidade de coñecer a Marta, aló polo 1996. Eu non tiña nada publicado, apenas algún poema solto escrito e ela deume un lugar dende o momento que me acheguei e lle dixen que me gustaba moito como escribía. Regaloume o seu libro dedicado e ofreceume recitar con ela e outros poetas de cando en vez polos pubs, polos bares da cidade, onde eles o facían.
- *Pel de ameixa*, 1996.
- *Setembro*, 1998. Un libro do que gosto especialmente porque caben todas as mulleres do mundo nel.
- *En atalaia alerta*, 2000.
- *As amantes de Hamlet*, 2003. Libro onde nos narra a magnífica rebelión das *ofelias* contra a sociedade patriarcal, como o símbolo da muller maltratada e

recrea a illa das mulleres libres para metelas alí a todas.

- *Cinza*, 2009. Fálanos da súa estirpe familiar, da historia das mulleres da súa vida.
- *Acuática alma*, 2011. Reivindica a figura da muller ao reinterpretar os contos infantís.
- *Argola*, 2013.
- *Dun lago escuro*, 2014.

Conta no seu haber cos seguintes premios:

- Premio de poesía *O Grelo* en 1993, por *Crear o mar en Compostela*.
- [Premio González Garcés](#) no 1995 por *Pel de ameixa*.
- [Premio de poesía Martín Codax](#) no [1997](#), por *Setembro*.
- Accésit [Premio Esquío de poesía](#) no [1999](#), por *En atalaia alerta*.
- [Premio Johán Carballeira](#) de poesía no 2013, por *Dun lago escuro*.
- I Premio de Poesía Figurante no 2013, por *Argola*.

Marta é unha das voces máis sólidas e importantes da poesía galega contemporánea, unha voz necesaria para a nosa cultura xa que se preocupa sempre de dar unha visión feminina e feminista en todas as súas obras.

En *Argola* profunda no tema e cóntanos a historia dunha escrava apartada do seu país e da súa familia, entregada polo seu propio pai como mercadoría preciosa. Hai lugar para a explotación para o patriarcado, o colonialismo, o imperialismo nos poemas de Marta, tamén para o erotismo e a tensión erótica dentro do contido político do libro. Ídesme permitir que comece o acto, cunha pequena puntualización sobre o meu relatorio. Quero aproveitar o feito de presentar este libro, *Argola*, de Marta Dacosta, para orientar o meu discurso cara

un aspeito que na miña vida resulta do máximo interese. Alén das consideracións do valor poético incuestionable de Argola, e de outras visións que se poden extraer, sen dúbida, na lectura plural tan común na poesía, desexaría centrarme nun aspecto particular da mensaxe nesta obra de Marta. A violencia exercida sobre as mulleres, como nexo de unión entre dúas épocas tan distantes como o imperio romano e a actualidade.

Desposuír a unha persoa da súa identidade, comeza por restarlle todos os dereitos que deberíamos considerar fundamentais. Iso é o que lle acontece á vestal, protagonista da nosa historia poética. O dereito a non poder decidir sobre o seu corpo, a súa vida e o seu futuro. Neste sentido, a dominación, a restrición destes dereitos fundamentais, comeza no fogar, no ambiente máis próximo e familiar. Debemos salientar que os malos tratos máis numerosos son os intrafamiliares, sendo tamén, os máis descoñecidos, por unha forma de entender a familia tradicional cristiá, no noso ámbito, no que semellan non ser delitos determinadas condutas e abusos. Establecendo o paralelismo necesario coa obra de marta, a primeira persoa que decide desposuír á vestal dos seus dereitos é o propio pai. O maltrato machista percorreu a historia da humanidade pero só no 1959 a ONU recoñeceu a súa existencia. Por outra banda, debemos desmitificar, unha das crenzas máis instaladas no pensamento burgués, o maltrato, e neste caso o maltrato intrafamiliar, non se produce só en familias desestruturadas ou sen recursos, senón que se produce en todos os estratos da sociedade, con independencia do nivel económico ou cultural no que nos esteamos a referir. O que acontece, é que a violencia machista resulta máis visible nos estratos máis humildes e con menos formación, dado que é nestes casos onde, normalmente, actúan os servizos sociais. O 20% das mulleres sufriron maltrato infantil e 34.000

morren na actualidade no mundo enteiro nun ano. Son só cifras, pero convidovos a reflexionar sobre as mulleres que hai detrás.

Grazas pola atención prestada.